

DECRETO CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA, EXP. NÚM. 2023/G007/000009

Excm. Sra. D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión **EXTRAORDINARIA** do **Excmo. Concello Pleno**, que terá lugar no Salón de Sesións da Casa Consistorial, sita na praza Maior, núm. 1, o vindeiro **luns**, día **26 de xuño**, ás **13,30 HORAS**, de acordo coa seguinte **ORDE DO DÍA**:

1/73 DACIÓN DE CONTA DOS ESCRITOS DE CONSTITUCIÓN DE GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS E DE DESIGNACIÓN DE PORTAVOCES.

2/74 DACIÓN DE CONTA DO DECRETO NÚMERO 5756, DO 21 DE XUÑO DE 2023, DO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS, SOBRE ORGANIZACIÓN MUNICIPAL DA CORPORACIÓN 2023-2027: XUNTA DE GOBERNO, TENENCIAS DE ALCALDÍA, ÁREAS DE GOBERNO E CONCELLERÍAS DELEGADAS.

3/75 PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO RÉXIME DAS SESIÓNS PLENARIAS ORDINARIAS E DOS DÍAS E HORAS DE CELEBRACIÓN DESTAS.

4/76 PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á APROBACIÓN DA CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS PERMANENTES ORDINARIAS DO PLENO.

5/77 PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á APROBACIÓN DA CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS PERMANENTES ESPECIAIS DO PLENO.

6/78 PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA ÁS ASIGNACIÓNS POR ASISTENCIAS E INDEMNIZACIÓNS A MEMBROS DA CORPORACIÓN E ASIGNACIÓNS ECONÓMICAS AOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS.

Notifíqueseles ao os señores e señoras concelleiros e concelleiras, coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos/das señores e señoras concelleiros e concelleiras, a partir da data desta convocatoria, nas oficinas da Secretaría Xeral do Pleno.

Xustifícase o carácter extraordinario da convocatoria no cumprimento do preceptuado no artigo 38 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, un tercio do número legal de membros da Corporación (artigo 210.2.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia), entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora, dous días despois (artigo 90.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro).

Cúmprase.